



EXPTES: 459/2025	RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
DEPARTAMENTO: Recursos Humanos	
ASUNTO: Contratación	
Tipo personal: Laboral Temporal	
Servizo: Deportes	
Posto: SOCORRISTA	

DECRETO NOVA CONVOCATORIA DENTRO DA OFERTA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 SOCORRISTA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE XANEIRO DE 2026 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA.

Vista a Resolución de Concesión de Subvención ao abeiro da orde do 13 de xaneiro de 2026 (DOG nº 23 de data 4 de febreiro de 2026) por importe de 3.018,84 euros que supón o 50% sobre o orzamento elixible do proxecto.

Visto que por Decreto da Alcaldía de data 17/06/2026 se aprobaron as bases reguladoras da convocatoria de selección de persoal laboral e posterior contratación de duración determinada por políticas activas de emprego **polo período de tres meses**, a xornada completa, dun/a socorrista para as piscinas municipais, desempregado/a, mediante proba tipo test e en consonancia co disposto na Orde referida da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vista a oferta pública de emprego formulada perante o Servizo Galego de Emprego.

Visto o RC do departamento de Tesourería en canto a existencia de crédito.

Visto que efectuada a publicación das bases e da oferta de acordo co establecido nas bases aprobadas non se presentaron solicitudes dentro do prazo establecido que remataba o día 26 de xuño próximo pasado.

Vista a urxencia de levar a cabo a contratación de acordo cos criterios da Orde e comunicacións da citada Consellería para salvar os prazos que necesariamente se indican obrigatorios.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 184/2015, en canto á aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, de conformidade co artigo 21.1. g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ACORDO:

PRIMEIRO.-Abrir un novo periodo de convocatoria dentro do proceso de selección de persoal laboral e posterior contratación de duración determinada por políticas activas de emprego **polo período de tres meses**, a xornada completa, dun/a socorrista para as piscinas municipais, desempregado/a, mediante proba tipo test e en consonancia co disposto na Orde referida da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, formulando unha nova oferta de emprego perante o servizo de emprego correspondente.

SEGUNDO.-Publicar anuncio desta nova convocatoria dentro do proceso de selección, na páxina web municipal, taboleiro de edictos e diario "El Progreso" e convocar o tribunal calificador para o mércores día 8 de xullo de 2026, as 10:00 horas na casa Da Cultura de Chantada, sita na Praza do Mercado, s/n para realizar as probas pertinentes os aspirantes presentados.

DECRETO
Número: 2026-0733 Data: 30/06/2026

Cod. Validación: 3DD9TG96OHCL9Y9J6PMGSPQIM9
Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





CONCELLO DE CHANTADA



RR.HH.

De acordo coas bases, a presentación das solicitudes deberá facerse con 12 horas de antelación á celebración das probas.

Mándao e asíno o Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, do que eu, Secretario, dou fe.
En Chantada, a data da sinatura electrónica.

O ALCALDE, P.S.

Asdo.: Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

O SECRETARIO, Acc.

Decreto 2026-0718 do 25/06/2026

Os sos efectos de fe pública

Asdo: Jesús Angel Ledo Cores

DECRETO

Número: 2026-0733 Data: 30/06/2026

Cod. Validación: 3DD9TG960HCL9Y9J6PMGSPQM9
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org

